



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Ref^a: acta apertura sobre B)

Asunto:

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS PRESENTADOS O CONCURSO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA CAFETERÍA DO CENTRO MUNICIPAL DE CONVIVENCIA DE FINGOI. -----

Sendo as 13:30 horas do día 7 de setembro de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García, Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais, dona Paz Abreira, polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Angel Trabada polo grupo municipal do Partido Popular, dona Esther Muñoz polo grupo municipal do Partido Socialista, don José Antonio Carro en substitución da letrada Asesora, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Municipal, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación.

O secretario da mesa pon de manifesto que dona BEATRIZ BLANCO RODRIGUEZ presentou a documentación requirida pola mesa de contratación na sesión celebrada o día 24 de agosto do ano en curso; unha vez examinada polos membros da mesa acordan excluila da licitación por non ter acreditados suficientemente a súa solvencia económica e técnica por calquera dos medios que se recollen na cláusula sexta do prego de condicións que rexe na presente licitación.

A continuación procedese á apertura do sobre B) que contén a oferta económica co seguinte resultado:

- DONA HERMITAS LÓPEZ RÍO, oferta un canon mensual a satisfacer ó Concello de 150,00 euros IVE incluído.

Á vista do cal, os membros da Mesa de Contratación acordan seleccionar como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada por dona HERMITAS LÓPEZ RÍO que oferta un canon mensual a satisfacer ó Concello de 150,00 euros IVE incluído.

Así mesmo acordan requirir dona HERMITAS LÓPEZ RÍO para que aporte como trámite previo a efectuar a correspondente adjudicación o último recibo do IAE ou xustificante de atoparse exento no aboamento do mesmo, certificado de non ter débedas de carácter tributario ca Axencia Tributaria e ca Tesourería Xeral da Seguridade Social, declaración responsable de non terse dado de baixa no epígrafe correspondente do IAE e unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adjudicación, excluído o IVE.



MURALLA
patrimonio da humanidade

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refª: acta apertura sobre B)

Asunto:

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 14:00 horas do día anteriormente sinalado.

A PRESIDENTA

Asdo.: Sonia Méndez García



O SECRETARIO

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz